

¿E en qué consiste a proba do VIH?

A proba do VIH é a única forma fiable de saber se unha persoa está ou non infectada polo VIH.

As probas de diagnóstico do VIH que se empregan habitualmente miden, mediante unha sinxela análise de sangue, os anticorpos que xera o organismo fronte ó VIH.

A proba do VIH é voluntaria e gratuíta, deben asesoralo antes e despois da súa realización, e o seu resultado é confidencial.

Pode atopar máis información sobre as distintas probas no apartado VIH/sida da páxina web www.msc.es

¿Cando hai que facerse a proba do VIH?

Se cre que tivo unha práctica de risco non debe agardar: acuda ó seu médico/a ou centro sanitario, onde valorarán o seu caso, indicaranlle a proba e, en caso de obter un resultado negativo, diranlle se debe repetila e cando.

O sistema inmunitario tarda un tempo en producir anticorpos suficientes para seren detectados pola proba, tempo que non é igual para tódalas persoas. Ó tempo no que se pode obter un resultado negativo aínda estando infectado coñécese a miúdo como "período fiestra". Xeralmente tárdase entre 2 e 8 semanas trala infección en desenvolver anticorpos detectables, e case tódalas persoas xeráronos ós 3 meses da práctica de risco.



¿Por que xa non se recomenda esperar

3 meses para facerse a proba do VIH?

As probas dispoñibles detectan antes os anticorpos.

Permite beneficiarse canto antes dun seguimento médico e adoptar as medidas necesarias para evitar a transmisión da infección a outras persoas.

As primeiras semanas logo da infección (fase denominada primoinfección) a posibilidade de transmitir a infección é moi elevada. Na maioría dos casos a infección adquirese por contacto sexual cunha persoa que se infectou recentemente. Por iso é necesario reducir o tempo que pasa dende que unha persoa se infecta ata que se diagnostica.

A motivación para facerse a proba tende a diminuír ó pasar o tempo dende o momento da práctica de risco.

¿Onde podo facer a proba do VIH?

A proba do VIH pódese realizar nos centros sanitarios da rede pública de forma gratuíta e confidencial:

- Centros de atención primaria: médico/a de cabeceira.
- Centros de planificación familiar.
- Centros de enfermidades de transmisión sexual (ETS).

Existen centros nalgunhas cidades, xeralmente centros de ETS, nos que se realiza a proba, se se desexa, de forma totalmente anónima e sen presentar ningún tipo de documentación.

Hai tamén algunhas ONG que ofrecen a proba nos seus programas. Pode consultar un listado de ONG por comunidades autónomas en www.red2002.org.es

Tamén pódese facer en laboratorios de análises clínicas.

Para saber onde facerse a proba do VIH ou obter máis información, pode chamar ós teléfonos que figuran neste folleto.

¿Que é o VIH?

O virus da inmunodeficiencia humana (VIH) é o causante da infección e da sida. Destruíe as defensas inmunitarias e fai que se padezan infeccións, tumores e outras enfermidades.

¿Como se transmite o VIH?

O VIH pode transmitirse nas relacións sexuais sen preservativo, por compartir material de inxección e de nai a fillo/a durante o embarazo, o parto ou a lactancia. Non se transmite por bicarse ou acariciarse, nin na convivencia no domicilio, traballo ou escola, e tampouco por compartir os cubertos, os vasos ou as instalacións deportivas.

¿Como se prevén a infección por VIH?

Usando preservativo nas relacións sexuais con penetración con persoas infectadas ou das que se descoñece se o están. O uso do preservativo impide a transmisión sexual do VIH e outras infeccións de transmisión sexual, e ademais prevén os embarazos non desexados.

Utilizando sempre material estéril e evitando o uso compartido de xiringas, agullas e outros útiles de inxección en caso de consumir drogas inxectadas.

Se está embarazada e ten o VIH, hai tratamentos que reducen eficazmente o risco de transmisión do virus ó seu futuro fillo ou filla durante o embarazo e parto. Unha nai infectada non debe dar o peito ó seu bebé.

Entón ¿todos/as debemos facer a proba?

En España fanse máis dun millón de probas cada ano, pero non é suficiente. Se estima que entre 30.000 e 40.000 persoas están infectadas polo VIH e aínda non o saben, por iso, recoméndase facer a proba a:

Tódalas mulleres embarazadas ou que pensen ter un fillo ou unha filla.

Tódalas persoas que padeceron algunha infección de transmisión sexual, tuberculose ou hepatite.

Se ten unha parella estable e quere deixar de usar o preservativo nas súas relacións sexuais.

Tódalas persoas que teñan calquera das seguintes prácticas de risco:

- Relacións sexuais con penetración (anal ou vaxinal, e tamén oral se houbo exaculación) sen preservativo cunha muller ou cun home con VIH.
- Relacións sexuais con penetración (anal ou vaxinal, e tamén oral se houbo exaculación) sen preservativo con diversas parellas ou simplemente cunha persoa de quen descoñecía se estaba infectada ou non.
- Se compartiu o material para inxectarse drogas (xiringas, agullas, culleres, filtros...)

PARA SABER ONDE FACER A PROBA DO VIH O U OBTEN MÁIS INFORMACIÓN, PODE CHAMAR ÓS SEGUINTE TELEFÓNOS:

Cruz Vermella 900 111 000
900 ROSA 900 601 601

Andalucía 900 850 100
Aragón 976 715 266
Asturias 985 338 832
Balears 971 176 868 - 971 360 426
Canarias 902 114 444 - 922 279 397
Cantabria 942 207 745732
Castela-A Mancha 900 111 000
Castela e León 983 413 600
Cataluña 900 212 222
Extremadura 900 210 994
Galicia 881 542 914
Madrid 900 111 000
Murcia 900 706 706
Navarra 848 423 396
País Vasco 943 006 464
A Rioxa 941 291 197
Comunidade Valenciana 900 702 020
Ceuta 900 152 368
Melilla 952 640 411



badanie jest odpowiedzią
poddaj się badaniu

proba da erantzuna
egizu

В ИЗСЛЕДВАНЕТО ШЕ НАМЕРИШ ОТГОВОРА
НАПРАВИ ГО

la proba es la respuesta
fáizela

检测消除疑虑
请快行动吧

o teste é a resposta
fá-lo

VIH/SIDA
a proba
é a resposta
faina

la réponse est dans le test
faites-le

التحليل سيعطيك الإجابة
قم به

a proba é a resposta
faina

a test is the answer
take one

анализ необходим
сделайте его

analiza este răspunsul
fă-ți testul

la prueba es la respuesta
háztela

VIH
SIDA

Hai boas razóns para facerse a proba do VIH/sida

Cada vez é máis frecuente que as novas infeccións aparezan en persoas que non son conscientes de expoñerse a ningún risco. En España o 77% dos casos é por relacións sexuais sen preservativo con outras persoas que probablemente consideráronse “sen risco”.

Antes os tratamentos dispoñibles non eran tan eficaces como agora. O diagnóstico precoz da infección por VIH permite beneficiarse o antes posible dun seguimento médico e acceder a un tratamento eficaz que mellora a calidade e a esperanza de vida.

Demostrouse que as persoas que saben que están infectadas adoptan con maior frecuencia as medidas necesarias para evitar a transmisión da infección a outras persoas. Os beneficios do diagnóstico van máis alá do individuo, poden evitar toda unha cadea de novas infeccións. Máis da metade das novas infeccións proveñen de persoas que descoñecen a súa infección.